



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Extra de verán 2020 - COVID-19 • Nº 246



COVID-19 EN VEDRA

■ A día 15 de xuño Vedra non conta con ningunha persoa afectada pola enfermidade do coronavirus. Co seguinte RESUMO DE DATOS...

Dende que se decretou o estado de alarma ata o día de hoxe un total de 21 persoas deron positivo e tristemente temos que contabilizar 1 vítima mortal entre elas.



VEDRA SOSTIBLE: AGRICULTURA SOSTIBLE

Fin á fame, obter seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sostible

...NA NOSA ADMINISTRACIÓN LOCAL

■ Coa apertura dos prazos administrativos retómase a atención presencial ao público coa novidade da cita previa en virtude do protocolo de prevención e hixiene da covid-19

LEMBRA...

1º- A atención ao público realizarase, con carácter preferente, de forma telemática ou telefónica.

2º- Cando sexa necesaria a presenza física deberase solicitar **cita previa...** Agás para o rexistro!
Contactos para facelo:

OFICINAS XERAIS: 981 814 612
correo@concellodevedra.com

ALCALDÍA: 981 814 698
alcaldía@concellodevedra.com

SERVIZOS SOCIAIS: 981 814 693
ana.aldrey@concellodevedra.com
carmen.sabio@concellodevedra.com
alicia.prol@concellodevedra.com

EMPREGO: 981 814 692
cruz.vilas@concellodevedra.com

URBANISMO 981 814 694
teresa.amenal@concellodevedra.com
clara.lema@concellodevedra.com

CULTURA E DEPORTES 981 814 691
cultura@concellodevedra.com
montse.delafuente@concellodevedra.com

XULGADO PAZ 981 814 612
correo@concellodevedra.com

CITA PREVIA: na Sede Electrónica <https://sede.vedra.es/opencms/gl/cita/index.html>

3º- Os horarios de atención ao público son os seguintes:

Horario de inverno:

De 16 de setembro a 14 de xuño de 9:00 a 14:00 h.

Horario de verán:

De 15 de xuño a 15 de setembro de 9:00 a 13:00 h.

- Nas Oficinas xerais e nos departamentos de alcaldía, emprego e cultura e deportes (De luns a venres)
- No departamento de Servizos Sociais: (luns, xoves e venres)
- Horarios do Departamento de Urbanismo: (luns, mércores e xoves)
- Horario do Xulgado de paz: (martes e xoves). En horario de inverno de 10:00 a 14:00 e en horario de verán de 10:00 a 13:00 h.

Toda persoa que acceda ás dependencias municipais deberá cumprir cos protocolos de medidas preventivas.



CONTINÚA A LOITA CONTRA A VESPA VELUTINA

■ A pesares da situación actual temos que seguir a loitar contra esta especie invasora... Por iso lembramos o novo protocolo de actuación para os avisos e a retirada de niños da vespa velutina establecido pola Xunta de Galicia e a FEGAMP!!

**SE VES UN NIÑO DE VELUTINA...
CHAMA AO 012**



VOLVE O SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS PORTA A PORTA

■ En xullo volve este servizo co que o Concello de Vedra fai recollida polos domicilios solicitantes dos seus voluminosos. Este servizo pasará a realizarse periodicamente o 1º e 3º mércores de cada mes ... E estrearse o vindeiro mércores 15 de xullo.

Para facer uso deste servizo **CHAMA AO 981 814 612** de luns a venres de 9:00 a 14:00 h.



Evitemos imaxes coma esta... Empregamos os servizos municipais de recollida de voluminosos e o Punto Limpo.

CONTINÚA A CITA PREVIA PARA O SERVIZO DE PUNTO LIMPO DE VEDRA

■ HORARIOS:

- Martes de 9:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 19:00 h.
- Sábados de 9:00 a 14:00 h.

Chama ao 981 814 612 de luns a venres de 9:00 a 14:00 h. e pide a túa cita!

SERVIZO DE NOVAS CONCELLO DE VEDRA

■ Ten toda a información a través do Concello de Vedra...

- Na páxina web municipal www.concellodevedra.es
- Na páxina de facebook [@concellodevedra](https://www.facebook.com/concellodevedra)
- No Servizo de Novas...
...No teu **endereço electrónico**: Solicita participar neste servizo no mail novas@concellodevedra.com
...No teu **whatsapp**: Solicita participar neste servizo no teléfono 663 983 398
- No Instagram [#concellodevedraoficial](https://www.instagram.com/concellodevedraoficial)

VEDRA É SOLIDARIA

■ Esta crise do COVID-19, que estamos a superar, serviu para demostrar unha vez máis, que como en cada ocasión a veciñanza de Vedra mostra o seu espírito solidario.

Dende o primeiro día emerxeu un movemento espontáneo de solidariedade no que voluntarios e voluntarias se ofreceron de xeito altruísta para colaborar en calquera das accións sociais municipais.

Empresas e particulares puxéronse ao servizo dos sectores máis vulnerables!

Dende o Concello de Vedra **AGRADECEMOS A TODAS ESTAS PERSOAS QUE DE MANEIRA ALTRUÍSTA E DESINTERESADA OFRECERON A SÚA AXUDA E COLABORACIÓN!!**

Entre todas e todos chegaremos á nova normalidade dunha forma responsable e máis soportable, animámosvos a continuar co voso compromiso.

Tamén queremos facer a nosa máis sentida homenaxe para todas as persoas e familias que sufriron os efectos da enfermidade, con especial agarimo a todas aquelas que tiveron que dicir adeus a un ser querido.



**Concello
de Vedra**

...HAI VEDRA, TI SUMAS; CAMPAÑA DE APOIO AO COMERCIO LOCAL


■ Con motivo desta situación de emerxencia o concello de Vedra lanza unha campaña co obxectivo de potenciar e impulsar ás empresas, autónomos e comercios locais estimulando as compras/gasto no municipio.

Entre as accións da campaña destacan:

- **Actualización da "Guía de empresas, comercios e servizos de Vedra"** e distribución entre toda a veciñanza.
- **Campaña Hai Vedra, ti sumas; con carteleira, dinamización nas redes sociais, sorteos:** 10 vales de compra de 100 €, 20 vales de compra de 50 €, 50 vales de compra de 30 € e 100 vales de compra de 20 €.
- **Creación dunha plataforma de comercio en liña**, en apoio aos establecementos vedreses interesados en participar deste proxecto, que busca novas alternativas.

Pode atopar máis información en www.concellodevedra.com ou nos establecementos dos comercios locais.

#Comprometidos coas empresas locais
#É tempo de apoiarnos...merca en Vedra
#Valorem os noso...merca en Vedra



PREVENCIÓN DE INCENDIOS

■ Coa chegada do verán comeza a época de alto risco de incendio polo que é fundamental estreimar as precaucións no que se refire a limpeza de parcelas e corta de arboredo que incumpra a normativa vixente de prevención de incendios.

Recordamos que o 16 de xullo remata o prazo outorgado pola Xunta de Galicia para realizar os traballos de xestión de biomasa e retirada de especies marcadas pola Lei de incendios.



É O MOMENTO DA RESPONSABILIDADE INDIVIDUAL!!

LEMBRA

Ilustración de dous persoas mantendo distancia entre si, con unha dobre seta horizontal entre elas.

DISTANCIA PERSOAL
Manter 1.5 metros de separación entre persoas

Ilustración dunha máscara facial azul.

USO DE MÁSCARA
Se non é posible manter a distancia de seguridade, usar a máscara

Logo do Concello de Vedra.

Concello de Vedra



VEDREA, LABORATORIO SOCIAL EN TEMPOS DE CONFINAMIENTO

■ Impulsados polos cambios de formatos que provocou a situación de confinamento desencadeada pola Covid-19, e ante o marco xeral, xorde esta iniciativa sociocultural que leva por nome “Vedrea”; un termo que expresa dinamismo, identidade, solidariedade, sinerxía... Este proxecto nace baixo a idea de poñer en valor “quen somos” e “o que somos capaces de facer” de forma colectiva. Artellamos un laboratorio social co que pretendemos xerar un espazo de encontro, de cultura, de creación, de solidariedade e de recuperación “do noso”; creando o espazo web www.vedrea.net.

A iniciativa Vedrea sostense en 3 actividades.

- No **Banco de recursos compartidos** tratamos de poñer en valor tanto os recursos municipais, como os asociativos e mesmo os individuais e familiares. Neste sentido, ata finais de maio un total de 9 asociacións enviaron 27 propostas entre as que se encontran clases de música e baile tradicional, guitarra, judo, contos, curtas, accións de concienciación ambiental, audiovisuais sobre o patrimonio local, xogos e materiais didácticos entre outros.

As propostas persoais-familiares foron en total 13 que van desde xogar ao xadrez e pintura ata ximnasia e bailoterapia.

Pola súa banda, as propostas institucionais acollen diferentes materiais didácticos sobre o concello e outros recursos.

- A través do **Mapa Emocional de Vedra** recuperamos máis de 150 fotografías antigas; sendo un bo momento para “recoñecerse no pasado”, e para compartilo coas xeracións máis novas, tanto no ámbito das casas, como do concello.

- De **Vedra no mundo** ten por obxectivo facer visible ata onde chegou a xente de Vedra no mundo; tanto de viaxe, como de excursión, por traballo (puntual), emigrada, por estudos-formación... Neste espazo re-



Nenos na escola de Vilanova.



Veciña de Vedra no Volcán Acatenago Guatemala.

colléronse preto dun cento de fotos na que aparecen fotografados veciños e veciñas de Vedra nos cinco continentes.

Aínda estás a tempo de participar e de aportar o teu gran de area a este laboratorio social; un espazo aberto e de confluencia para a experimentación colaborativa.

A ver...vedreamos?
Visita www.vedrea.net

VOLUNTARIADO XUVENIL

■ Ao longo dos meses de xullo, agosto e setembro, un grupo de 10 voluntarios/as xuvenís de entre 16 e 30 anos, realizarán accións solidarias en diferentes áreas: dinamización sociocultural, acompañamento social, apoio escolar, accións ambientais...

Estas persoas voluntarias, contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C, e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención.

O labor deste voluntariado xuvenil é esencial para minimizar os efectos desta situación de crise.

Pasatempo... Verán 2020

Amencer



tardiñas



noitiñas



REACTIVACIÓN CULTURAL

"PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES SEGURAS NA NOVA NORMALIDADE"

- ✓ Actividades e espectáculos de pequeno formato
- ✓ Distribución de actividades por todas as parroquias e ao aire libre
- ✓ Dirixido a toda a poboación local: nenos/as, mocidade, persoas adultas e maiores
- ✓ Control do límite de aforo, respectar a distancia entre persoas e as medidas hixiénico-sanitarias
- ✓ Recuperar a confianza para que a veciñanza asista presencialmente ás actividades culturais
- ✓ Apoio ás empresas locais
- ✓ Colaboración asociativa

mércoles
1 xullo

Amencer: IOGA Hora: De 10:00 a 11:30 h. Lugar: Área de recreo de Agronovo. Nº de prazas: 15.
Actividade interxeracional, aberta a todas as persoas interesadas.



Noitiña INFANTIL

ACTUACIÓN DE TEATRO "CAMIÑO DA FEIRA" DA COMPAÑÍA "A COVA DAS LETRAS"

Hora: Ás 21:00 h. Lugar: Campo da festa de Vedra. Nº de prazas: 50. Actividade familiar.



venres
3 xullo

Amencer: PINTURA PAISAXÍSTICA Hora: De 10:00 a 12:30 h. Lugar: Área de recreo de Cubelas.
Nº de prazas: 15. Actividade para a xuventude e persoas adultas.



Noitiña DE MONÓLOGOS CON PABLO CHICHAS "O CAN DE TABERNA"
(LOCUTOR DE RADIO ESTRADA) Hora: Ás 22:30 h. Nº de prazas: 50.

Lugar: Campo da festa de San Mamede de Ribadulla.

Actividade aberta a todas as persoas interesadas.



sábado
4 xullo

Amencer: IOGA Hora: De 10:00 a 11:30 h. Lugar: Área de recreo de Agronovo. Nº de prazas: 15.
Actividade interxeracional, aberta a todas as persoas interesadas.



martes
7 xullo

Tardiña: BAILE DEPORTIVO Hora: De 18:00 h. a 20:30 h. Lugar: Campo da festa de Vedra.
Nº de prazas: 20. Actividade para nenos/as nados/as entre 2008 e 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).



mércoles
8 xullo

Amencer: BAILOTERAPIA Hora: De 10:00 a 11:00 h. Lugar: Área de recreo de Cubelas.
Nº de prazas: 15. Actividade interxeracional, aberta a todas as persoas interesadas.



Noitiña: CINE INFANTIL-FAMILIAR "A GALIÑA TURULECA" Hora: Ás 21:00 h. Nº de prazas: 50.

Lugar: Campo da festa de San Pedro de Sarandón. Actividade familiar.



venres
10 xullo

Noitiña: ESCALADA NOCTURNA Hora: Ás 21:00 h. Punto de encontro: Campo da festa de Ponte Ulla.
Nº de prazas: 15. Prezo: 18 €/persoa. Actividade para maiores de idade.



Amencer, tardañas e noiteñas de verán...



sábado
11 xullo

Amencer: RUTA EN PIRAGÜA POLO ULLA (De Gundián á Ponte de Sarandón)

Hora: Ás 10:00 h. **Lugar:** Área de recreo de Agronovo. **Nº de prazas:** 30. **Prezo:** 18 €/persoa.

Actividade para maiores de 13 anos con autorización.



martes
14 xullo

Tardaña: XINCANA **Hora:** De 18:00 h. a 20:30 h. **Lugar:** Campo da festa de Vedra. **Nº de prazas:** 20.

Actividade para nenos/as nados/as entre 2008 e 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).



mércores
15 xullo

Amencer: IOGA **Hora:** De 10:00 a 11:30 h. **Lugar:** Área de recreo do Campo de Gundián.

Nº de prazas: 15. Actividade interxeracional, aberta a todas as persoas interesadas.



Noiteña INFANTIL ACTUACIÓN MUSICAL "O CAPITÁN GARFO" **Hora:** Ás 21:00 h.

Lugar: Campo da festa de Illobre. **Nº de prazas:** 50. Actividade familiar.



xoves
16 xullo

Noiteña DE PISCINA CON MÚSICA **Hora:** De 21:00 a 23:00 h. **Lugar:** Piscina municipal.

Nº de prazas: 30. Actividade xuvenil (de 14 a 25 anos).



venres
17 xullo

Amencer: PINTURA PAISAXÍSTICA **Hora:** De 10:00 a 12:30 h. **Lugar:** Área de recreo de Cubelas.

Nº de prazas: 15. Actividade para a xuventude e persoas adultas.



Noiteña DE CONCERTO: KARABOGAZ (ROCK) **Hora:** Ás 22:30 h. **Nº de prazas:** 50.

Lugar: Campo da festa de San Fins de Sales. Actividade aberta a todas as persoas interesadas.



sábado
18 xullo

Amencer: BAILOTERAPIA **Hora:** De 10:00 a 11:00 h. **Lugar:** Área de recreo de Cubelas.

Nº de prazas: 15. Actividade interxeracional, aberta a todas as persoas interesadas.



domingo
19 xullo

Amencer: RUTA EN BICICLETA MTB POLO VAL DO ULLA (Coa colaboración de Ribadoulla, 25 Km.)

Hora: Ás 10:00 h. **Lugar:** Pavillón de Vedra. **Nº de prazas:** 30.

Actividade para maiores de 13 anos con autorización.



martes
21 xullo

Tardaña: DECORACIÓN DE CAMISETAS **Hora:** De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Campo da festa de Vedra. **Nº de prazas:** 20. Actividade para nenos/as nados/as entre 2008 e 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos)



mércores
22 xullo

Amencer: BAILOTERAPIA **Hora:** De 10:00 a 11:00 h. **Lugar:** Área de recreo de Agronovo.

Nº de prazas: 15. Actividade interxeracional, aberta a todas as persoas interesadas.



Noiteña: CINE INFANTIL-FAMILIAR "SÚPER LÓPEZ" **Hora:** Ás 21:00 h. **Nº de prazas:** 50.

Lugar: Arredores da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla. Actividade familiar.



xoves
23 xullo

Noiteña: CONVERSA CON... ANTONIO VÁZQUEZ GARCÍA; COFUNDADOR DE ALÉN SPACE (Veciño de Vedra) **Hora:** Ás 22:00 h. **Lugar:** Arredores da capela de San Quietán. **Nº de prazas:** 30.

Actividade aberta a todas as persoas interesadas.



Amencer, tardañas e noites de verán...



venres
24 xullo

Noiteña: ANDAINA NOCTURNA: VAL DE MERÍN E CASTRO DE SOCASTRO (6 KM) Hora: Ás 21:00 h.
Lugar: Campo da festa de Merín. Nº de prazas: 40. Actividade aberta a todas as persoas interesadas.



domingo
26 xullo

Amencer: CARREIRA DE ORIENTACIÓN Hora: De 10:00 a 13:00 h. Lugar: Área de recreo de Agronovo.
Nº de prazas: 30. Prezo: 5 €/persoa. Actividade interxeracional, aberta a todas as persoas interesadas.



martes
28 xullo

Tardaña: XOGOS MUSICAIS Hora: De 18:00 h. a 20:30 h. Lugar: Campo da festa de Vedra.
Nº de prazas: 20. Actividade para nenos/as nados/as entre 2008 e 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).



mércores
29 xullo

Amencer: IOGA Hora: De 10:00 a 11:30 h. Lugar: Área de recreo de Agronovo. Nº de prazas: 15.
Actividade interxeracional, aberta a todas as persoas interesadas.



Noiteña INFANTIL: ACTUACIÓN DE TALÍA TEATRO CON "VOA VOA". PROGRAMA FALAREDES. XUNTA DE GALICIA Hora: Ás 21:00 h. Lugar: Campo da festa de San Miguel de Sarandón.
Nº de prazas: 50. Actividade familiar.



venres
31 xullo

Noiteña: PINTURA PAISAXÍSTICA Hora: De 19:00 a 21:30 h. Lugar: Campo da festa de Vedra.
Nº de prazas: 15. Actividade para a xuventude e persoas adultas.



Noiteña: UNHA NOITE DE ACAMPADA

Hora: Das 19:00 h. do venres 31 ás 12:00 h. do sábado de agosto. Lugar: Área de recreo de Cubelas.
Nº de prazas: 30. Actividade para nenos/as de 6 a 12 anos e familias.



sábado
1 agosto

Noiteña DE CONTOS CON ANDARAVÍA TEATRO Hora: Ás 22:30 h. Lugar: Campo da festa de Merín.
Nº de prazas: 50. Actividade aberta a todas as persoas interesadas.



martes
4 agosto

Tardaña: DEPORTES ALTERNATIVOS Hora: De 18:00 h. a 20:30 h. Lugar: Campo da festa de Vedra.
Nº de prazas: 20. Actividade para nenos/as nados/as entre 2008 e 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos)



mércores
5 agosto

Amencer: IOGA Hora: De 10:00 a 11:30 h. Lugar: Área de recreo de Cubelas. Nº de prazas: 15
Actividade interxeracional, aberta a todas as persoas interesadas.



sábado
8 agosto

Amencer: RUTA EN PIRAGÜA POLO ULLA (De Gundián á Ponte de Sarandón)
Hora: Ás 10:00 h. Lugar: Área de recreo de Agronovo. Nº de prazas: 30 Prezo: 18 €/persoa
Actividade para maiores de 13 anos con autorización.



domingo
9 agosto

Amencer: ANDAINA: MONTE DE SALES E MUÍÑO DE NOVAIS (10 KM)
Hora: Ás 9:30 h. Nº de prazas: 40 Lugar: Campo da festa de San Fins de Sales.
Actividade interxeracional, aberto a todas as persoas interesadas.



martes
11 agosto

Tardaña: SCAPE MIND – XOGOS DE ESCAPISMO Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.
Lugar: Campo da festa de Vedra. Nº de prazas: 20. Actividade para Nenos/as nados/as entre 2008 e 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).



Amencer, tardañas e noiteñas de verán...

mércores 12 agosto	Noiteña INFANTIL ACTUACIÓN DE PACO NOGUEIRAS CON "BRINCA VAI" Hora: Ás 21:00 h. Lugar: Campo da festa de San Xián de Sales. Nº de prazas: 50. Actividade familiar.	
xoves 13 agosto	Noiteña DE PISCINA CON MÚSICA Hora: De 21:00 a 23:00 h. Lugar: Piscina municipal. Nº de prazas: 30. Actividade xuvenil (de 14 a 25 anos).	
venres 14 agosto	Noiteña: PINTURA PAISAXÍSTICA Hora: De 19:00 a 21:30 h. Lugar: Campo de festa de Vedra. Nº de prazas: 15. Actividade para a xuventude e persoas adultas.	
martes 18 agosto	Tardaña: MANUALIDADES CREATIVAS Hora: De 18:00 h. a 20:30 h. Lugar: Campo da festa de Vedra. Nº de prazas: 20. Actividade para nenos/as nados/as entre 2008 e 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).	
mércores 19 agosto	Amencer: BAILOTERAPIA Hora: De 10:00 a 11:00 h. Lugar: Área de recreo de Agronovo. Nº de prazas: 15. Actividade interxeracional, aberto a todas as persoas interesadas.	
xoves 20 agosto	Noiteña: CONVERSA CON... ESTRELLA CAMINO BOUZÓN (veciña de Trobe) Blog: mensajesparaayudapersonal.com , TRATA SOBRE "A MENSAXE DUN DUENDE PARA A HUMANIDADE" Hora: Ás 22:00 h. Lugar: Arredores da Casa da Fábrica de Trobe. Nº de prazas: 30. Actividade aberta a todas as persoas interesadas.	
sábado 22 agosto	Amencer: ESCALADA Hora: Ás 10:00 h. Punto de encontro: Campo da festa de Ponte Ulla. Nº de prazas: 20. Prezo: 18 €/persoa. Actividade para maiores de 13 anos con autorización.	
	Noiteña: RUTA NOCTURNA EN BICICLETA MTB POLA VÍA DA PRATA DO CAMIÑO DE SANTIAGO. Coa colaboración de Ribadoulla. Ver requisitos. 32 KM Hora: Ás 19:00 h. Nº de prazas: 30. Lugar: Albergue de peregrinos Vilanova. Actividade para maiores de 16 anos con autorización.	
domingo 23 agosto	Noiteña: ANDAINA MUSICAL NA VÍA DA PRATA: "ANDA CA BANDA" Coa B.M. Sta. Cruz de Ribadulla. Hora: Ás 19:00 h. Lugar: Campo da festa de Santiaguño. Nº de prazas: 50. Actividade aberta a todas as persoas interesadas.	
martes 25 agosto	Tardaña: XOGOS DO MUNDO Hora: De 18:00 h. a 20:30 h. Lugar: Campo da festa de Vedra. Nº de prazas: 20. Actividade para nenos/as nados/as entre 2008 e 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).	
mércores 26 agosto	Noiteña INFANTIL: ACTUACIÓN DE "BANDULLO AZUL" CON "AS VIAXES DE FILIPA" Hora: Ás 21:00 h. Lugar: Campo da festa de Ponte Ulla. Nº de prazas: 50. Actividade familiar.	
sábado 29 agosto	Amencer: BAILOTERAPIA Hora: De 10:00 a 11:00 h. Lugar: Área de recreo de Agronovo. Nº de prazas: 15. Actividade interxeracional, aberta a todas as persoas interesadas.	

Todas as actividades requiren de inscrición previa na páxina web:

www.concellodevedra.com

O prazo de inscrición de cada unha das actividades abrírase 5 días antes da celebración da mesma, e pecharase cando se complete o aforo.

MÁIS INFORMACIÓN NOS TELÉFONOS 669 450 804 - 981 814 691

Nota: En caso de mal tempo as actividades realizaranse nun espazo interior.

O cambio será comunicado ás persoas inscritas.



**Concello
de Vedra**



PISCINA MUNICIPAL DE VEDRA TEMPADA 2020 APERTURA CON MEDIDAS ESPECÍFICAS PREVENCIÓN COVID-19

■ Datos e horario de apertura

- Apertura do 1 de xullo ao 31 de Agosto.
- Horario: todos os días de 16:00 a 21:00 horas.

■ Medidas especiais covid-19

- Reforzarase a limpeza e desinfección constante de toda a instalación.
- Limitación do aforo a 50 persoas día, establecendo un sistema previo de reserva mediante compra de entradas e bonos online.
- Delimitación das zona de toallas.
- Control e identificación no acceso a piscina.
- Non se prestará ningún tipo de material (material de flotación)
- Eliminación das mesas da zona de cafetería (si haberá cafetería)

■ Tarifas

Entradas sen abono

- Persoas empadroadas en Vedra
 - menores de 6 anos: ENTRADA GRATUÍTA
 - de 7 a 17 anos: 1 €
 - maiores de 18 anos: 2 €
 - maiores de 65 anos: 1 €
- Persoas non empadroadas en Vedra
 - menores de 6 anos: 1 €
 - de 7 a 17 anos: 2 €
 - maiores de 18 anos: 3 €
 - maiores de 65 anos: 2 €

Bonos de baños

Exclusivamente para persoas empadroadas en Vedra

- Bono de 12 baños menor de idade: 6 €
- Bono de 20 baños menor de idade: 8 €
- Bono de 12 baños maior de idade: 10 €
- Bono de 20 baños maior de idade: 15 €

Na tempada 2020 non haberá abonos individuais e familiares e non haberá cursos de natación, como medidas preventivas a aplicar para a prevención do COVID-19

■ Compra de bonos e entradas

A compra de entradas e bonos de baños farase **única**



e exclusivamente on line e con pago con tarxeta a través da páxina www.concellodevedra.es ou directamente na páxina www.piscinavedra.com

Este será o método exclusivo de acceso. Queda prohibido expresamente ao persoal da instalación permitir o acceso de ningunha persoa que non adquirira a entrada. Non obstante, tanto no concello como na propia instalación facilitarase información e prestara-se asistencia a toda aquela persoa que o precise para a adquisición de bonos ou entradas.

■ Procedemento de compra de entradas

- Poderán adquirirse entradas dende 7 días antes ata as 13 horas do día que se vaia acceder á piscina ou esgotarse as 50 entradas do aforo.

■ Procedemento de compra de bonos

- Os bonos serán de uso persoal e intransferible.
- Poderán comprarse bonos dende o luns 22 de xuño en calquera momento.
- O bono poderá tardar en estar activo 48 horas dende a súa compra.
- Nas 48 horas posteriores á súa compra a persoa usuaria recibirá no mail un código **"cupón desconto"** que terá 12 ou 20 usos en función do bono que adquirise.

- **MOI IMPORTANTE!** A persoa posuidora do bono cando desexe ir á piscina deberá acceder coma o/a comprador/a dunha entrada (dende 7 días antes ata as 13:00 do día que desexe ir a piscina). Introducirá todos os datos e no último paso en **"CUPÓN DESCONTO"** introducirá o código que anulará o importe da entrada.

Continúa na páxina 10



■ Limitación de aforo

- O aforo estará limitado a 50 persoas por día.
- Na páxina www.piscinavedra.com poderá coñecerse a ocupación diaria de cada día en tempo real.
- Cada persoa usuaria poderá acceder a piscina en DÍAS ALTERNOS reservando dende 7 días antes ata as 13:00 do día que se desexe ir á piscina, ou completarse as 50 prazas do aforo.

- A partir das 13:00 ata media hora antes do peche da piscina, en caso de que non estea completo o aforo, unha persoa poderá adquirir entrada aínda que asistira á piscina na xornada anterior e desexe asistir na posterior. Non computará aos efectos de limitación de accesos en días alternos.

Exemplo: “Se vou o luns podo volver o mércores. Se o martes a partir das 13:00 o aforo non está completo, pode mercar entrada ou facer efectivo o bono “cupón desconto” e ir sen que afecte isto á miña reserva dos outros dous días”

■ Rexistro de persoas usuarias

- O concello de Vedra conservará o rexistro de persoas usuarias diaria no marco das medidas preventivas COVID 19. Transcorridos 15 días eliminará ditos rexistros.

- É obrigatorio identificarse para acceder a instalación.

■ Comprobación de datos

- A persoa usuaria é responsable de introducir de xeito verídico os seus datos. A falsificación de datos (empadramento, idade, suplantación de identidade...) será motivo de perda do importe da entrada ou bono e a prohibición de poder asistir a piscina durante 15 días.
- A reserva en 2 días continuados dentro do prazo estándar deliberadamente dará lugar a perda do

importe da entrada do segundo día e a prohibición de poder acceder á piscina durante 15 días.

- Diariamente dende o concello farase control do cumprimento da normativa neste aspecto.

■ Días de choiva que pecha a instalación

- En caso non abrir a instalación por mala climatoloxía ou pechar antes das 19:00 polo mesmo motivo, será devolto as persoas usuarias o importe da entrada adquirida para ese día.

- As persoas usuarias de bono (cupón desconto), enviaráselles un novo código para volver a usar.

- Ese mesmo criterio aplicárase se a instalación ten que pechar por algún outro motivo de causa maior.

■ Solicitud de cancelación de compra de entrada

- As persoas usuarias que compraran unha entrada poderán solicitar a cancelación do importe e a devolución do mesmo ata 48 horas antes do día da reserva no mail piscinadevedra@gmail.com.

- Transcorrido este prazo non terán dereito a ningunha devolución.

■ Teléfonos enderezos e lugares de información

- Luns a venres de 10:00 a 14:00. Servizo de deportes concello de Vedra, teléfono 981814691

- Luns a domingo de 16:00 a 20:00. Piscina municipal de Vedra, teléfono 653131344

- No mail piscinavedra@gmail.com e na web www.piscinavedra.com

- De xeito presencial de 10:00 a 14:00 de luns a venres no concello de Vedra e de 16:00 a 20:00 na piscina municipal de Vedra.

NA ÁREA DE RECREO DE AGRONOVO... ALUGUEIRO DE PIRAGUAS

- Durante os meses de xullo e agosto, todos os venres, sábados e domingos pola tarde entre as 16:00 h e 20:00 h poderase acceder libremente ás piraguas mediante o seu alugueiro a un prezo de 3€/ hora.

Non perdas a ocasión de realizar esta actividade que che permita gozar da paisaxe ao mesmo tempo que practicas deporte!



SERVIZO DE ALUGUEIRO DE BICICLETAS BTT

■ Persoas destinatarias:

O servizo de préstamo de bicicletas está dirixido a persoas maiores de idade, se ben os menores con idade comprendidas entre os 16 e os 18 anos, poderán gozar do servizo previa autorización expresa e responsable dalgún dos seus pais ou titores legais. Queda expresamente prohibido a alta e utilización do servizo a menores de 16 anos.

Horario e lugar do servizo de aluguer de bicicletas:

Horario de atención ao público: de martes a domingo de 11:00 a 20:00 horas nos **puntos de intermediación do aluguer de bicicletas**:

- Bar Quenllas: R/Manuel Texo nº 3, Santa Cruz de Ribadulla. (42.776649, - 8.424904). Tf: 981 512 452
- Bar Barreiro: Cibrán nº9, San Xián de Sales. (42.814694, - 8.511153). Tf: 981 511 508
- Ou chamando ao 981 814 612 concello de Vedra.

Dispoñibilidade do servizo:

O servizo estará dispoñible todo o ano. O tempo máximo permitido de utilización continua das bicicletas é

de 6 horas. No caso de exceder este prazo aplicaranse as sancións correspondentes. O servizo poderá ser suspendido por causas de forza maior (climatolóxicas...).

Declaración de alta como usuario:

Os interesados en gozar do sistema de alugueiro de bicicletas deberán previamente darse de alta no servizo nos Puntos de Intermediación. A tal efecto, deberán cumprimentar unha folia de inscrición e acompañala do documento nacional de identidade.

Custe do servizo:

O custe do servizo é de 3 €, co límite de tempo fixado (6 h).

Xestiona o servizo: Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra "Casa dos Peóns".



...Verán coas asociacións de Vedra

ASOCIACIÓN SENUNPESO

CINE DE VERÁN. CINEMA GALEGO AO AIRE LIBRE EN TEMPO DE DISTANCIAMENTO SOCIAL

■ PROGRAMA:

- **O que arde**, de Oliver Laxe (2019.89'). O venres 31 de xullo ás 22:30 horas no exterior da Casa das Artes de San Fins.

Coa colaboración da Asociación Amabul.

- **Eroski paraíso**, de Jorge Coira e Xesús Ron (2019. 75'). O venres 14 de agosto ás 22:30 horas no campo da festa de Vedra.

Coa colaboración da Asociación da Asociación Cultural Papaventos.





VOLUNTARIADO XUVENIL E SÉNIOR DA ASOCIACIÓN AMABUL

■ Voluntariado xuvenil

Se che apetece un verán diferente... AMABUL convídote a participar no seu programa de voluntariado xuvenil.

Requisitos: Ter entre 16 e 30 anos e ter gañas de participar en accións ambientais e actividades relacionadas coa igualdade de xénero e en materia de violencia de xénero!!!

■ Voluntariado sénior

Se tes máis de 55 anos e tes gañas de participar en actividades orientadas á conservación e mellora da natureza e creación de contornas saudables e actividades relacionadas coa igualdade de xénero... AMABUL convídote a participar no seu programa de voluntariado sénior.

As persoas voluntarias, contarán con formación, seguro de accidentes e de responsabilidade civil, e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención, amais de recibir unha certificación do seu traballo como voluntaria/o.

Podes obter máis información ou inscribirte no teléfono 620 424 090 ou en asoc.amabul@gmail.com



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ESCOLA AMBIENTAL DA ASOCIACIÓN AMABUL

Do 3 ao 28 de agosto, horario de mañá
Campamento Infantil: "O bosque da cor"
nenas/os nadas/os entre 2008 e 2013
Campamento Xuvenil: "O bosque cultural"
mozas/os nadas/os antes de 2008

Posibilidade de anotarse ás dúas quedas

Custe por queda e participante:
100€ - desconto do 30% a partir do 2º irmán/irmá
Prazas limitadas.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de rexistro.

Inscripcións:
Enviar ficha de inscrición a asoc.amabul@gmail.com

Máis info:
620 424 090 e <https://www.facebook.com/asoc.amabul/>



AULA AMBIENTAL ULLA DA ASOC.AMABUL

- **Escola da Participación Ambiental: O Bosque Ripario**, Venres, 10 de xullo ás 10:00 h.
- **Escola da Fauna: Peixes do Ulla**, Venres, 10 de xullo ás 10:00 h.
- **Escola da flora: O Bosque literario**, Luns, 13 de xullo ás 11:00 h.
- **Escola da Fauna: Mamíferos do Ulla**, Venres, 17 de xullo ás 10:00 h.
- **Escola da Participación Ambiental: Pegadas e Refuxios**, Venres, 17 de xullo ás 10:00 h.
- **Escola da flora: O Bosque musical**, Luns, 20 de xullo ás 11:00 h.
- **Escola da Participación Ambiental: Restauración de Espazos Degradados**, Mércores, 22 de xullo ás 11:00 h.
- **Ciclo de itinerarios pedagóxico-paisaxísticos: Paisaxe Natural do Ulla**, Venres, 24 de xullo ás 11:00 h.
- **Escola da Flora: O Bosque dos polinizadores**, Luns, 27 de xullo ás 11:00 h.
- **Escola da Participación Ambiental: O Entomo-Río**, Luns, 27 de xullo ás 11:00 h.

Información e inscricións: asoc.amabul@gmail.com e no facebook: www.facebook.com/asoc.amabul



Deputación
DA CORUÑA

FEIRA DA PONTE ULLA

CUARTO DOMINGO DE CADA MES

FEIRA DA PONTE ULLA

COMPRA, PASEA...
E TÓMALLE UNHA RACIÓN DE PULPO!

DISFRUTA DA ÚNICA FEIRA TRADICIONAL NO CONCELLO DE VEDRA

PUBLICA A TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.

